



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional, Técnicas Ortoprotésicas e Desempeño Ocupacional	Código	653G01208	
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Pousada Garcia, Thais	Correo electrónico	thais.pousada.garcia@udc.es	
Profesorado	Garabal Barbeira, Jessica Pousada Garcia, Thais Santos del Riego, Sergio Eduardo	Correo electrónico	jessica.garabal@udc.es thais.pousada.garcia@udc.es sergio.santos.delriego@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos e técnicas relacionados coa Terapia Ocupacional, técnicas ortoprotésicas e desempeño ocupacional. Descritores: Fundamentos da autonomía persoal nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou axudas técnicas. Ortesis e Prótese. Coñecemento e capacidade para aplicar Técnicas Ortoprotésicas dentro do contexto da Terapia Ocupacional.			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

- Non se realizarán cambios.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen:

- Sesión Maxistral: Durante todo o curso, as sesións das clases maxistrais realízanse a través do equipo da materia na plataforma TEAMS.

- Prácticas de Laboratorio: Esta metodoloxía axustarase na súa presencialidade segundo as especificacións recibidas en canto á ocupación de espazos no centro. En último caso de necesidade extrema as sesións poderán trasladarse ó espazo online, mantendo o cronograma e as rotacións dos grupos establecidos a principio do cuadrimestre.

- Aprendizaxe - Servizo

*Metodoloxías docentes que se modifican:

- Proba mixta

Únicamente no caso excepcional dunha nova situación de confinamento, contéplase que a única metodoloxía que se modifica nesta materia, na forma de implementala sería a ?proba mixta?.

? A proba mixta cambiarase pola metodoloxía de ?exame escrito online?, segundo as especificacións e dotacións tecnolóxicas dispoñibles no momento.

? Todo estudiantado deberá acollerse a esta modalidade de ?exame escrito online?, non puidendo contemplarse unha proba mixta híbrida, no caso de que a situación sanitaria dificulte realizar a proba presencial.

? Na data establecida para a proba mixta da materia (aprobadada en Xunta de Facultade), os docentes indicarán nunha listaxe de estudantes que poden realizar a proba e se lles enviará (cunha antelación suficiente) as instrucións para realizar o exame escrito online, segundo o caso.

? De facer o exame escrito online, o tempo máximo da proba será de 2 horas, e será de tipo sincrónico, debendo conectarse todos estudantes de forma que garantan un correcto funcionamento da proba na sala virtual e estando presente uno ou os dos profesores presentes.

? A plataforma elixida será Microsoft TEAMS.

? A proba será gravada.

De haber problemas coa conexión dos estudantes, analizarase cada caso e se lle dará unha solución alternativa na hora ou na forma de conexión para realizar a proba.

Só se contempla este cambio no caso de recibir instrucións claras e concisas desde os órganos de goberno da UDC. De non ser así, a proba mixta será presencial nos espazos aprobados en Xunta de Facultade. No caso de que algún estudante se encontrase en situación de confinamento ou corentena persoal no momento de realizar a proba mixta da materia de xeito presencial, os docentes ofrecerán unha alternativa (cun cambio de data e/ou hora) para facilitar á súa realización a dito estudante.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

CAMPUS VIRTUAL: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado.

Nesta plataforma subiranse os contidos elaborados polos docentes da materia, así como material informativo complementario.

Ademais estableceranse unas tarefas para a entrega dos ficheiros das férulas e produtos de apoio deseñados en 3D.

Dispoñen do ?foros xeral? da materia, para formular as consultas necesarias.

TEAMS: Será a plataforma elixida para realizar as sesións das clases maxistrais, así como as das prácticas de laboratorio.

Semanalmente: 1 hora (clase maxistral) e 1 hora e media sesión de laboratorio.

No equipo da materia quedarán gravadas as sesións maxistrais para que os estudantes poidan visualizala posteriormente

no caso de necesidade.

EMAIL: Diariamente. Estará á disposición dos estudantes matriculados, no momento en que eles o precisen, para que se poidan en contacto cos docentes e fagan as consultas que desexen.

4. Modificacións na avaliación

*Observacións de avaliación:

Para poder levar a cabo as prácticas de laboratorio de xeito virtual teranse en conta os seguintes aspectos.

- De forma previa ás sesións de ?práctica de laboratorio? a docente gravará (serán almacenadas no equipo de TEAMS da materia dous días antes da devandita sesión) unha exposición sobre as características e aspectos técnicos fundamentais para a confección da férula e/ou do produto de apoio que toque tratar.
- Os estudantes conectaranse, mantendo os horarios e grupos establecidos ó inicio de curso para a consulta de dúbidas con respecto a confección da férula / produto de apoio a traballar durante a sesión.
- Na medida do posible, durante a sesión virtual, os estudantes amosarán o avance do seu traballo na elaboración da férula / produto de apoio, os materiais empregados e as medidas tomadas para a súa confección.
- Para facilitar todo o proceso ó alumnado, ó principio de curso cada estudante recibirá, por parte da docente, un conxunto dos materiais necesarios para a confección de férulas (velcros, acolchado adherente, acolchado non adherente e material termoplástico). Os alumnos serán responsables dese material e de traelo á aula, no caso de que se poidan manter as sesións presenciais, así como as outras ferramentas propias indicadas na guía docente.
- O final do cuadrimestre, os estudantes deberán entregar os traballos nunha caixa pechada, xunto co seu portafolios, nun espazo habilitado no edificio de Terapia Ocupacional. A data de entrega anunciarase coa antelación suficiente (antes das vacacións de Nadal) para a previsión dos estudantes.
- A avaliación desta metodoloxía constitúe o 60% da nota da materia. O estudante debe obter un mínimo de 4 puntos sobre 6 para superar esta parte.

Para a avaliación da metodoloxía ?exame escrito online?, teranse en conta as seguintes especificacións:

- Será necesario que o estudante acade una puntuación mínima de 2 (sobre 4) para realizar o sumatorio coa cualificación que se obteña da avaliación de prácticas.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

- Non se contemplan modificacións. As obres e webs de referencia seguirán sendo aplicables no caso de aplicación do plan de continxencia.



Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Explicar la relación entre el funcionamiento ocupacional, la salud y el bienestar.
A2	Explicar los conceptos teóricos que sostienen la terapia ocupacional, expresamente la naturaleza ocupacional de los seres humanos y su funcionamiento a través de las ocupaciones.
A3	Sintetizar y aplicar el conocimiento relevante de ciencias biológicas, médicas, humanas, psicológicas, sociales, tecnológicas y ocupacionales, junto con las teorías de ocupación y participación.
A4	Analizar las complejidades de aplicar teorías formales y evidencia de investigación en relación con la ocupación en el contexto de una sociedad en cambio.
A6	Trabajar en la sociedad con individuos y grupos para fomentar la promoción de la salud, la prevención, la rehabilitación y el tratamiento.
A7	Escoger, modificar y aplicar teorías apropiadas, modelos y métodos de la práctica para encontrar la ocupación según las necesidades de salud de individuos/poblaciones.
A9	Utilizar el potencial terapéutico de la ocupación a través del uso de la actividad y el análisis y síntesis ocupacional.
A10	Adaptar y aplicar el proceso de terapia ocupacional en estrecha colaboración de individuos/población.
A11	Trabajar para facilitar entornos accesibles y adaptados y promover la justicia ocupacional.
A12	Colaborar con comunidades para promover la salud y el bienestar de sus miembros mediante la participación en la ocupación.
A14	Valorar críticamente la práctica de la terapia ocupacional para asegurar que el foco está sobre la ocupación y el funcionamiento ocupacional.
A15	Trabajar según los principios de la práctica centrada en el cliente.
A17	Establecer sociedades de colaboración, consultar y aconsejar a clientes, trabajadores sociales, miembros de equipo y otros en la práctica de la ocupación y la participación.
A18	Colaborar con clientes para abogar al derecho de tener sus necesidades ocupacionales satisfechas.
A33	Constatar en un proceso continuo de evaluación y mejora de la calidad de los servicios de terapia ocupacional, implicando a los clientes cuando sea apropiado y comunicar los resultados relevantes a los demás miembros.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamiento crítico, lógico y creativo.
B4	Trabajar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Trabajar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional.
B7	Comunicarse de manera efectiva en un entorno de trabajo.
B8	Capacidad de análisis y de síntesis.
B9	Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica.
B10	Conocimientos básicos de la profesión.
B11	Capacidad para trabajar en un equipo interdisciplinar.
B12	Conocimientos generales básicos sobre el área de estudio.
B13	Resolución de problemas.
B16	Habilidad para trabajar de manera autónoma.
B18	Planificación y gestión del tiempo.
B26	Capacidad para adaptarse a nuevas situaciones.
B27	Capacidad para generar nuevas ideas.
B28	Toma de decisiones.
B29	Trabajo en equipo.
B35	Iniciativa y espíritu emprendedor.
B36	Preocupación por la calidad.
B37	Motivación.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.
C5	Entender la importancia de la cultura emprendedora y conocer los medios al alcance de las personas emprendedoras.
C6	Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse.



C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.
C8	Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Coñecer e familiarizar ao alumno cos conceptos de ortesis e próteses e co uso das técnicas ortoprotésicas desde unha perspectiva rehabilitadora e ocupacional que sexa funcional para o usuario e que respecte e garanta a sustentabilidade medio-ambiental.		A2 A3 A14	B2 B4 B5 B6 B9 B10 B12 B13 B16 B28 B29 B35 B37 C6 C7 C8
Sintetizar e aplicar o coñecemento relevante das técnicas ortoprotésicas na disfunción ocupacional dunha maneira sustentable a efectos de utilizar o máximo potencial terapéutico, preparando ao alumno para comprar (comercio xusto), avaliar e adaptar funcionalmente as ortesis, próteses, produtos de apoio e adaptacións como recurso terapéutico ocupacional para a mellora funcional do usuario e unha adecuación facilitadora na contorna.		A1 A3 A7 A9 A10 A11 A17 A18	B2 B4 B5 B7 B9 B10 B13 B16 B26 B27 B28 B35 B37
Valorar críticamente a práctica da Terapia Ocupacional e satisfacer as necesidades ocupacionais do usuario con discapacidade física en materia de ortoprótesis, fomentando que o alumno recoñeza as ortesis, próteses, produtos de apoio e adaptacións como un recurso terapéutico ocupacional para potenciar a funcionalidade e o desempeño ocupacional nun marco de desenvolvemento sustentable.		A1 A2 A10 A11 A12 A14 A15 A17 A18 A33	C4 C5 C6 C8
Mellorar as capacidades como profesional e como acode do estudante de Terapia Ocupacional, promovendo a reflexión crítica sobre a relación entre o uso das ortesis, próteses, produtos de apoio e adaptacións no desempeño ocupacional e os roles sociais dunha contorna sustentable.		A3 A4 A6	B8 B9 B11 B13 C4



Mellorar en habilidades e actitudes xenéricas que favorezan o desenvolvemento persoal e profesional do estudante de Terapia Ocupacional, capacitándolle especialmente na confección de férulas, produtos de apoio e outras adaptacións, considerando aspectos de comercio xusto e responsable e de sustentabilidade medio-ambiental, moi especialmente cos materiais empregados na realización destes aparellos.	A3	B2 B3 B4 B5 B10 B11 B12 B13 B16 B18 B27 B28 B29 B36 B37	C4 C5 C6 C7
--	----	---	----------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Terapia Ocupacional, técnicas ortoprotésicas e desempeño ocupacional. Profs. Sergio Santos del Riego e Thais Pousada García.	Actividades iniciais. Xeneralidades e conceptos desde a perspectiva ocupacional. Órtesis e Próteses como recurso terapéutico ocupacional. Próteses externas e internas (cadera, xeonllo, outras). Materiais empregados en ortoprótesis en Terapia Ocupacional. Importancia do terapeuta ocupacional na intervención cara a autonomía persoal, empregando técnicas ortoprotésicas. Manexo das Ortoprótésis no equipo interdisciplinar.
Tema 2.- Órtesis de columna vertebral. Prof. Sergio Santos del Riego.	Órtesis de columna vertebral. Ortoprótésis: Cifosis y Escoliosis. Outros aspectos.
Tema 3.- Órtesis e Próteses de Membro superior. Prof. Sergio Santos del Riego.	Órtesis de membro superior. Amputacións de membro superior. Reimplantacións. Próteses de membro superior.
Tema 4.- Órtesis e Próteses de Membro inferior. Prof. Sergio Santos del Riego.	Órtesis de membro inferior. Amputacións de membro inferior. Reimplantacións. Próteses de membro inferior.
Tema 5.- Produtos de Apoio e Adaptacións en Terapia Ocupacional. Profª. Thais Pousada García.	Definicións. Xeneralidades. Clasificación xeral ISO Produtos de apoio como facilitadores da autonomía persoal. Innovacións e tendencias no deseño de produtos de apoio. A impresión 3D dos produtos de apoio



<p>Tema 6.- Prácticas: Profª. Thais Pousada García.</p>	<p>Principios básicos para a elaboración de orteses en Terapia Ocupacional. Tipos de materiais existentes empregados na elaboración de orteses e próteses. Elaboración de diferentes orteses de interese en Terapia Ocupacional con diversos materiais. Fabricación dun cartafol persoal de orteses onde se especifiquen: tipo, utilización, mantemento, funcións e outros aspectos de interese ocupacional. Deseño e fabricación de varios produtos de apoio. Preparación de material e elaboración de férulas. Deseño e impresión de férulas e produtos de apoio en 3D.</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A1 A4 A7 A9 A12 A14 A17 A18 A35 B10 B12 C4 C5 C6 C7 C8	15	30	45
Prácticas de laboratorio	A3 A6 A10 A11 A15 A33 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B16 B18 B26 B27 B35 B36 B37	50	10	60
Proba mixta	A2 A1 A3 A4 A6 A7 A9 A10 A11 A12 A14 A15 A17 A18 A35 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B16 B18 B26 B27 B28 B29 B35 B36 B37 C4 C5 C6 C7 C8	2	0	2
Aprendizaxe servizo	A6 A7 A10 A11 A12 B2 B4 B5 B8 B9 B13 B16 B27 B28 B37 C4 C7	2	0	2
Actividades iniciais	C4 C5 C6 C7 C8	1.5	0	1.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo", ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Esta metodoloxía e os seus contidos están relacionados coas competencias específicas reflectidas no programa.</p> <p>As sesión das clases maxistrais serán gravadas e posteriormente almacenadas no espazo do equipo TEAMS da materia. Permitirase estar na aula visualizando a sesión maxistral a aqueles estudantes que teñan a súa práctica de laboratorio a continuación de dita sesión.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Relacionadas fundamentalmente coas competencias xenéricas e específicas reflectidas no programa.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Relacionadas fundamentalmente coas competencias específicas reflectidas no programa.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> <p>Ó longo do cuadrimestre os docentes da materia ofrecerán oportunidades ós estudantes para participar nesta metodoloxía, en colaboración con diferentes entidades sociais sen ánimo de lucro, segundo a normativa e restricións vixentes da situación sanitaria.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.</p> <p>Permite adquirir competencias específicas e xenéricas de inicio e adaptación previamente á as competencias asignadas nesta materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Aprendizaxe servizo	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e/ou grupais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
--------------	--------------	------------	---------------



Sesión maxistral	A2 A1 A4 A7 A9 A12 A14 A17 A18 A35 B10 B12 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliación coa modalidade de Proba mixta.	0
Prácticas de laboratorio	A3 A6 A10 A11 A15 A33 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B16 B18 B26 B27 B35 B36 B37	<p>Segundo criterios que establecerá a profesora ao principio do curso antes de comezar as clases.</p> <p>As prácticas de Laboratorio son obrigatorias. Realizaranse as férulas e produtos de apoio de xeito colaborativo cos compañeiros.</p> <p>O traballo individual de cada estudante a avaliar será:</p> <p>Férulas de: De quervaín, de reposo, de túnel carpiano, de tenodese, de mallet e férula en I</p> <p>Productos de apoio (un total de 6 dispositivos): Para actividades da vida diaria, ocio e tempo libre, traballo ou tarefas escolares.</p> <p>Nesta metodoloxía avaliarase positivamente a participación voluntaria do estudiantado na metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo.</p> <p>No plan de continxencia da materia contéplase o traballo alternativo que debe realizar os estudantes nesta metodoloxía, mantendo o compoñente eminentemente práctico.</p>	60
Proba mixta	A2 A1 A3 A4 A6 A7 A9 A10 A11 A12 A14 A15 A17 A18 A35 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B16 B18 B26 B27 B28 B29 B35 B36 B37 C4 C5 C6 C7 C8	Exame teórico con catro preguntas cortas (4 puntos)	40

Observacións avaliación



1.- PRÁCTICAS de LABORATORIO: Indicacións e normas Os estudantes deben acudir as clases de ?practicar de laboratorio? co seguinte material (de xeito obrigado):

- Unha toalla, unhas tesoiras (de folia longa, non escolares), un cartafol, folios, un metro, rotuladores (un indeleble), un cutter, pinzas ou espátula.
- Coitelo, tenedor e culler, cepillo pelo, chaves, e outros obxectos poidan ser de utilidade para integrais no proceso de realización de produtos de apoio.
- A mascarilla deberá levarse sempre, durante a duración da sesión de práctica de laboratorio, mentres estea vixente a normativa actual.
- Cada estudante responsabilizarse do seu propio material, tendo en conta as normas básicas de hixiene e limpeza de obrigado cumprimento nas instalacións da Facultade de Ciencias da Saúde.
- Non será posible compartir o material e/ou ferramentas no desenvolvemento das tarefas de laboratorio, salvo co/a compañeiro/a asignado ó principio do cuadrimestre.

Criterios de avaliación: Sobre Resultado final, esta metodoloxía constitúe o 60% da nota da materia, constituindo parte da avaliación os seguintes aspectos: Asistencia e participación activa: 1.1 A asistencia é obrigatoria e os estudantes deben participar nas actividades docentes. Calquera ausencia de causa maior debe ser avisada previamente e xustificada documentalmente a posteriori no prazo máis breve posible. 1.2 A participación activa, será valorada segundo a demostración das seguintes accións: - Recoñecer, manexar e traballar cos diferentes materiais termoplásticos. - Comprensión, desenvolvemento e realización no proceso de deseño de patróns. - Confección e elaboración de férulas con material termoplástico, segundo as instrucións indicadas en cada sesión. - Confección e elaboración de produtos de apoio con material de baixo custo. - Deseño e impresión 3D dunha férula e dun produto de apoio- Dedicación fóra do horario de clase como traballo persoal para a realización do portafolios. - Participación na proposta de Aprendizaxe ? Servizo: Esta actividade é voluntaria, e será proposta pola docente en colaboración coas entidades sociais sen ánimo de lucro. A participación na ApS será valorada positivamente na nota final correspondente ás prácticas de laboratorio. - Limpeza e adecuación do espazo de traballo unha vez rematada cada sesión de práctica de laboratorio (poñeranse elementos de desinfección á disposición dos estudantes e da docente). 2. Portafolios: Os estudantes, no mes de xaneiro e dentro do prazo comunicado pola docente ó inicio do cuadrimestre entregarán nunha caixa precinada con nome e apelidos todos as férulas e produtos de apoio realizados nas prácticas de laboratorio. Irá acompañado dun portafolios que conterá os patróns do realizado na materia e descrición de cada un das férulas e produtos elaborados, así como unha breve explicación teórica de cada un, segundo a plantilla publicada no Campus Virtual da materia. 3. Férulas e produtos de apoio: Serán valorados de xeito individual, tendo en conta a súa adecuación ás instrucións dadas na súa confección: - Férula de repouso ou férula funcional, Férula síndrome tunel carpiano, Férula de Quervain, Férula de tenodese, Férula de Mallet e Férula en I (esta con deseño en 3D). - Produtos de Apoio e Adaptacións: realización de 6 produtos de apoio de baixo custo, un deles con deseño en 3D. 2.- TEORÍA: PROBA MIXTA - EXAME FINAL, Prof. Sergio Santos del Riego e Prof^a Thais Pousada García, Puntuación: 40% (4 puntos).

- Valoración de coñecementos teóricos mediante proba escrita.

NOTA FINAL DA MATERIA:

A nota final será o sumatorio das partes previamente expresadas, cos seguintes considerandos: Na avaliación continuada práctica débese ter un mínimo de 4 puntos (sobre 6). Os estudantes que participen de forma voluntaria na metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo recibirán 1 punto adicional nesta parte. Na avaliación da proba mixta teórica será necesario un 2 (sobre 4) para realizar o sumatorio coa cualificación que se obteña da avaliación de prácticas. As prácticas son obrigatorias. A ausencia en prácticas, sen xustificar ou xustificadas, dun número ou porcentaxe que establecerá a profesora ao comezo do curso sobre o total ou ben de horas ou ben de clases supón un non presentado ou un suspenso da materia, segundo contexto. A cualificación de non presentado ou suspenso na parte práctica non impide presentarse á convocatoria da segunda oportunidade (xullo). Nesta convocatoria realizarase, cun alto nivel de esixencia, un exame teórico-práctico, tribunal ou similar (sobre 6 puntos), a criterio da profesora, e un exame teórico (sobre 4 puntos), a criterio dos docentes. Os docentes entregarán as súas cualificacións REVISADAS, segundo normativa legal vixente de revisións de exames, no prazo establecido pola profesora responsable da materia, que será a metade do prazo oficial marcado no Reitorado para o peche e firma de actas na aplicación informática. A responsable da materia realizará as últimas consideracións contextuais e institucionais e procederá á introdución das cualificacións finais na aplicación informática e á firma da acta. O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable). Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten

dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias. Segundo os artigos 22 e 23 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017) garantírase o seguinte: Art. 22: Publicidade das cualificacións: Para garantir o dereito a revisión nas probas orais, a nota será comunicada aos dous días lectivos seguintes á súa finalización, e a revisión estará baseada nos datos recollidos na acta e, no seu caso, nas evidencias gravadas, escritas e doutro tipo recollidas na súa realización. Art. 23: Os estudantes terán dereito a revisar as actividades, os traballos e as probas que sirvan para a súa avaliación e a recibiren explicación razoada da cualificación que obtiveron. Sobre a detección de plaxio: "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria".



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Prótesis, órtesis y ayudas técnicas. Ramón Zambudio Periago. Barcelona: Elsevier Masson, 2009. ISBN 978-84-458-1969-27. Rehabilitación física. Susan B. O'Sullivan. Badalona: Paidotribo, 2013. ISBN 978-84-9910-166-8. Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida. Enrique Viosca Herrero, 2ª ed. Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia, 2004. ISBN 9788492397433. Innovación para la mejora de la autonomía pesonal: Premio IBV-ORTOPROTEC, primera edición (2009). Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia (IBV), 2010. ISBN 978-84-95448-16-3. Ortopedia y Traumatología: revisión sistemática. Mark D. Miller. Barcelona: Elsevier, 2009. ISBN 978-84-8086-477-0. Living with a below-knee amputatioin a unique insight from a prosthetist/amputee. Richard Riley. Thorofare: SLACK, 2005. ISBN 1-55642-692-5. Prótesis articulares nuevas perspectivas. EC. Rodríguez Merchán. Madrid: Médica Panamericana, 2005. ISBN 84-7903-400-9. Amputación de extremidad inferior y discapacidad. Prótesis y rehabilitación. Miguel Ángel González Viejo. Barcelona: Masson, 2005. ISBN 84-458-1513-X. Guía descriptiva de ortoprotésis. Madrid: Ministerio de Sanidad y Consumo, Centro de publicaciones, 2000. ISBN 84-7670-652-9. Prosthetic and orthotics. Donald Shurr. New Jersey: Prentice Hall, 2000. ISBN 088581331. R. Viladot, O. Cobi, S. Clavell (1991). Ortesis y prótesis del aparatro locomotor. Editorial Masson (4 tomos: columna vertebral, extremidad superior y dos de extremidad inferior).</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)" os traballos documentais que se realicen nesta materia

- 1.1. Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático.
- 1.2. Realizaranse a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- 1.3. De se realizar en papel:
 - 1.3.1. No se empregarán plásticos.
 - 1.3.2. Realizaranse impresións a dobre cara.
 - 1.3.3. Empregarase papel reciclado.
 - 1.3.4. Evitarase a impresión de borradores.
2. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
4. Segundo se recolle nas competencias transversais aprobadas no Consello de Goberno de Maio de 2017 deberase incluír na medida das posibilidades contenidos que incluan perspectivas de vida saudable, desenvolvemento sostible e dereitos humanos.
5. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas,?).
6. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
7. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero ou de outra índole e proporanse acción e medidas para corrixilas.
8. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, teñan necesidades para un acceso axeitado, inclusivo e proveitoso á vida universitaria.
9. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas ao redor dos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías